

Servizo de Sanidade Ambiental

Asunto	CONTESTACIÓN Á RESPOSTA DO PROMOTOR AO INFORME DESTA DIRECCIÓN XERAL NO TRÁMITE DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL
Proxecto	PARQUE EÓLICO PARAÑO OESTE
Promotor	EÓLICA GALENOVA S.L.U.
Localización	CONCELLOS DE FORCAREI E BEARIZ
Expediente	IN661A DXIEM-02/11

SOLICITANTE: Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

FEITOS :

A Dirección Xeral de Saúde Pública recibe do Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación con data 31/01/2022, e número de rexistro de entrada 2022/171990, traslado da resposta do promotor ao informe desta dirección xeral de data 31/12/2021.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Co fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 37.2.i) da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, solicítase informe a esta dirección xeral no ámbito das nosas competencias.

De acordo con todo o indicado, emítase o seguinte

INFORME:

Vista a documentación remitida polo promotor en contestación ao informe previo desta Dirección Xeral, sen detrimento das competencias propias doutros organismos oficiais e dentro do ámbito de saúde pública, considérase que se proporcionou a información adicional requirida para avaliar o risco da saúde, e que

se deseñaron as medidas axeitadas para o control e vixilancia dos impactos sobre a saúde humana.

En todo caso, con respecto ás captacións e ao depósito próximo ao parque eólico considérase que, se ben hai distancia suficiente aos aeroxeneradores, deberá garantirse as medidas de protección axeitadas durante as obras para evitar a súa afección e seguir o establecido polo organismo de bacía correspondente.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

O xefe do Servizo de Sanidade Ambiental

Manuel Álvarez Cortiñas

